


# APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



## MARÍA CASARES

(A Coruña 1922 – Alloue, Francia 1996)

Foi unha actriz galega de cine e teatro. O seu pai era Santiago Casares Quiroga, político e avogado republicano, polo que tras o levantamento militar fascista tivo que exiliarse a Francia cando só tiña catorce anos xunto cos seus pais.

Ilustracións: Tania Solla  
Textos: Polo Correo do Vento

María comezara os estudos de teatro en Madrid pero sería no país galo onde residiría o resto da súa vida e onde triunfaría profesionalmente. Entrou no Conservatorio de París en 1941 e obtivo o seu primeiro papel profesional na obra de teatro *A Celestina*. Máis tarde, debutaría no cinema con *Les enfants du paradis* de Marcel Carné. Seguiríanlle despois moitas interpretacións de éxito con obras de teatro como *Os xustos* de Albert Camus ou co filme *O testamento de Orfeo* de Jean Cocteau.

Recibiu numerosos premios de recoñecemento ao seu labor, como a Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes en España en 1987 e o Grand Prix national du théâtre en Francia, en 1990.

Sabías que..? María Casares interpretou numerosas obras de cine e de teatro con papeis moi coñecidos que lle deron fama universal, como Lady Macbeth ou Xoana de Arco.

# MULLERES GALEGAS

## lectura crítica

Mais non sempre é doado para unha intérprete dar con personaxes femininos que teñan un protagonismo na historia. O **test de Bechdel**, creado pola autora de banda deseñada Alison Bechdel, é un método para poñer en evidencia a escasa presenza feminina de relevo nas películas e en xeral, nas creacións culturais.

Para que **unha película supere este test** e sexa considerada unha creación na que **as personaxes femininas teñen importancia** e non fican ausentes ou simplemente son presenzas baleiras, deben cumprir os seguintes requisitos:

1. Teñen que aparecer polo menos dúas personaxes femininas.
2. Nalgún momento teñen que falar entre elas.
3. Teñen que falar de calquera cousa que non sexa outra personaxe masculina.

**Realiza o test de Bechdel ás túas películas e historias preferidas, fai unha listaxe e responde:**

**Cantas películas, series, contos ou cómics superan o test?  
Que opinas do resultado?**

---



---



---



---




---

Ao chegar a Francia,  
María Casares  
continuou a súa formación para  
acadar o seu soño de ser actriz  
e tivo, ademais, que afacerse ao  
idioma francés. Mais non perdeu  
nunca o acento galego.

# MULLERES GALEGAS

**colorea**  
e debuxa un escenario



"Son unha parte de Galicia,  
non o podo evitar".  
María Casares



Un *story board* é un traballo previo á rodaxe no cinema.


Consiste en recrear as secuencias da película mediante ilustracións. **debuxa**

# MULLERES GALEGAS

É un guión gráfico da historia que a xeito de cómic vai contando o que pasa e rexistrando datos esenciais para entendela, recreala (número da escena, tipos de planos, movementos de cámara, diálogos...) e que mellorarán o traballo para cando chegue o momento de filmar.

Realiza un *story board* partindo deste esquema das dúas primeiras escenas, seguindo as instrucións que tes abaixo, e continúa a historia pola túa conta.

ESCENA:      PLANO:



MOVIMENTO:  
VOZ/MÚSICA:

ESCENA:      PLANO:



MOVIMENTO:  
VOZ/MÚSICA:

INSTRUCCIÓNS:

**ESCENA: 1** **PLANO:** PRIMEIRO PLANO (PP) ROSTRO DÚNHA NENA.  
Debúxaa no espazo violeta. **MOVIMENTO:** PLANO FIXO, **MÚSICA:** A que queiras.

**ESCENA: 2** **PLANO:** PLANO DETALLE (PD) O TEU XANTAR PREFERIDO.  
Debúxao no espazo violeta. **MOVIMENTO:** ZOOM, **MÚSICA:** A que queiras.

Unha dramaturga é alguén que escribe textos para seren interpretados nunha obra de teatro.

Estes textos indican o diálogo dos personaxes e referencias á acción ou ao escenario nas chamadas anotacións.

# MULLERES GALEGAS

escribe

## TEATRO

*Un parque en Nova York. É outono e o chan está cheo de follas.*

*Pola esquerda entra María, unha nena galega. Nun banco do parque hai unha señora sentada.*

Anotacións

MARÍA:  
Ola, bo día. Desculpe...

Diálogos  
das  
personaxes

SEÑORA:  
Ola, dígame...

---



---



---



---

Continúa este texto teatral e represéntao despois coas túa amigas.


Le e investiga sobre as seguintes **dramaturgas galegas**:

Teresa Moure - Pura e Dora Vázquez - Teresa González Costas  
Paula Carballeira - Luísa Villalta - Xohana Torres

Comproba  
as túas  
actividades.

# MULLERES GALEGAS soluciona

## labirinto



Bos Aires  
(Arxentina)

Montevideo  
(Uruguai)

A Habana  
(Cuba)

Toquio  
(Xapón)